



## GóisOrosoArte e Festival Folclórico porán o broche de ouro á Semana Cultural

A Semana Cultural 2017 afronta a súa recta final na primeira semana de setembro, que culminará con dous pratos fortes da programación cultural do Concello de Oroso: o certame internacional GóisOrosoArte e a quinta edición do Festival Folclórico. Dous actos que volven coincidir na mesma xornada: o sábado 9 de setembro.

Así, ás 11:30 horas, o alcalde de Oroso, Manuel Mirás Franqueira; e a presidenta da Cámara Municipal de Góis, Lourdes Oliveira de Castanheira, inaugurarán unha nova edición do certame internacional GóisOrosoArte 2017. Do 9 de setembro ao 1 de outubro poderanse contemplar un total de 64 obras de 62 artistas. Uns traballos de temática variada e de distintas disciplinas artísticas: pintura (óleo, acrílico, grafito, acuarela), fotografía e escultura (granito, madeira, minerais..).

María Jesús Castilla exercerá como representante dos artistas, despois de ser elixida polos visi-



tantes da mostra "Descubrimento de novos valores artísticos" celebrada no ano 2016). Os irmáns Alfonso e Emiliano Sánchez Velazco serán os encargados de poñerlle o punto musical á xornada.

Cando remate da inauguración, a comitiva desprazarase ata o Paseo do Carboeiro para disfrutar da quinta edición do Festival Folclórico, no que participarán Lembranzas

do Tambre, Buxos Verdes, Néboas no Cumio e Cantigas e Agarimos. Previamente, ás 13:00 horas, teremos un "aperitivo" co festival infantil, que dará paso a un xantar popular. Ás 16:30 horas darán comezo as actuacións dos adultos.

Ata entón, a Semana Cultural 2017 aínda garda moitas sorpresas, co exterior da piscina municipal de Sigüeiro como centro



de actividades. Así, o mércores 6 de setembro será tempo para a maxia de Kiko Pastur, mentres que o xoves 7 haberá teatro da man de Lucecús Teatro, coa obra "PingüiSOS". Ambas actividades comezarán ás 19:30 horas.

O venres 8 de setembro terá lugar o concerto "The Lollipos & Piano" a cargo de Concerto Gallaecia Eventos, ás 21:00 horas na praza Isaac Díaz Pardo.





## Concello e Obra Social "La Caixa" retoman "Aleida", o programa contra a exclusión social na mocidade



**OROSO**

Programa de prevención da exclusión social na poboación xuvenil

O Concello de Oroso e Obra Social "La Caixa" volverán a levar a cabo un ano máis a iniciativa "Aleida", un programa de prevención da exclusión social na poboación infantil. Unha iniciativa que se levará a cabo no IES de Oroso grazas á colaboración da Obra Social "La Caixa", que achega 6.000 euros ao programa. Unha colaboración que será formalizada polo alcalde de Oroso, Manuel Mirás, nas próximas datas.

A concelleira de Ensino, Beatriz Rodeiro, explica que "o Programa Aleida ten o propósito traballar coa poboación xuvenil a través dos centros educativos, fundamentalmente con aquelas persoas en situación de risco ou de exclusión social". Neste sentido, a concelleira indica que "coas actuacións levadas a cabo lógrase detectar aqueles casos nos que se dan situacións de fracaso escolar, conflictividade familiar e social ou incluso o inicio no consumo de drogas que provocan no seu conxunto un risco de exclusión social".

O Concello de Oroso, en colaboración coa Obra Social "la Caixa" e a través da entidade Igaxes, porá en marcha unha serie de actividades no IES de Oroso que permitan á mocidade orosá afrontar as situacións de risco de exclusión social, dende a óptica da prevención. O obxectivo principal de "Aleida Oroso" é favorecer o proceso de integración escolar, familiar, social e laboral, polo que as actividades adaptaranse ás necesidades e características de cada alumno ou alumna.



## Protección Civil de Oroso leva retirado case 70 niños de avespas velutinas este ano

A Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Oroso leva retirado case 70 niños de avespas velutinas no municipio no que vai de ano, a metade deles de carácter primario. Uns resultados que constatan unha elevada efectividade do persoal de Protección Civil, que dispón de equipamento específico para este tipo de tarefas. Ademais, o Concello realizou unha campaña preventiva con trampas que atraparon unhas mil raíñas.



## O Concello informa sobre as distancias mínimas nas plantacións forestais



O Concello vén de emitir un bando sobre as distancias mínimas que deben gardar as plantacións forestais: 2 metros con parcelas forestais, 10 metros con terreos en solo rústico de especial protección agropecuaria, entre 2 e 4 metros con pistas forestais principais e entre 4 e 10 metros con zonas dedicadas a labradío e co límite do dominio público das vías ou camiños de ferro. Entre 5 e 15 metros no caso de ríos, 5 metros con infraestruturas eléctricas, entre 15 e 30 metros con vivendas e entre 25 e 30 metros con industrias ou gasoleiras.

## Clases Xadrez



### Voltamos o día 6 de Outubro

Curso 2017-2018  
 Todos os venres de 18:00 a 21:00  
 Lugar das clases: Sala de Xadrez do Centro Deportivo de Siquero (1ª planta).  
 Monitor: Roberto Pálfo (Campión Galgo)  
 Tel: 651 365 325  
 Inscripcións telef: 620042859 - 621 363375  
 ou no email: clubxadrezorosov@gmail.com

**ESCOLA BALONCESTO OBRADOIRO CAB**  
**CEIP DO CAMIÑO INGLÉS OROSO**

Adestradores do Obradoiro CAB  
 Competicións  
 BabyBasket e MiniBasket

Menosías de 5 ata 12 anos

Prazo Preinscrición ata o 20 de setembro (grupos limitados)  
 No web: <http://www.clubxadrezorosov.com>  
 no Centro Deportivo Municipal: [www.emosos.com](http://www.emosos.com)

**OBRA DOIRO**  
**FUNDACION HERACLES**  
**OROSO**  
 CEIP Plurilingüe do Camiño Inglés

**Patinaxe artística**  
**Hockey a patíns**

Proba gratis en setembro  
 Se non continúas non pagas, se continúas pagas setembro

Síndeseño: Pavillón Juanito Amigo  
 Martes e Xoves de 16 a 17 h

Santiago: Pavillón do Seminario Menor, Belvís  
 Martes e Xoves de 18 a 19 h



## Convocado o programa "Oroso Forma e Emprende" para ensinar a desenvolver ideas de negocio

A Aula Mentor Educa Oroso iniciará en setembro un novo programa, denominado "Oroso Forma e Emprende", orientado a persoas que buscan unha saída profesional mediante o autoemprego. O programa contará cun máximo de vinte participantes e o prazo para solicitar praza estará aberto ata o 12 de setembro. "Oroso Forma e Emprende" está dirixido a persoas de entre 16 e 65 anos que estean interesadas en acadar formación específica sobre un sector profesional. Ademais, obterán formación e recursos para crear o seu proxecto persoal e así facilitar a incorporación ao mercado laboral.



"Este programa ten como principal finalidade axudar a desenvolver ideas de negocio que poidan traducirse na constitución final dunha empresa. Para iso, as persoas que participen poderán escoller itinerarios formativos e contarán cunha mentorización directa e integral", explica Beatriz Rodeiro, concelleira de Ensino. Para solicitar a participación, a persoa interesada debe presentar a solicitude debidamente cuberta, unha fotocopia do DNI, un currículo vitae e a ficha de valoración debidamente cumprimentada, que se pode obter na Aula de Formación Educa Oroso ou na web municipal ([www.concellooroso.com](http://www.concellooroso.com)).



## Isabel Risco e Fran Rei representarán "Dous no Camiño" no exterior da piscina

Os actores Isabel Risco e Fran Rei representarán a obra de teatro "Dous no Camiño", dentro do programa cultural "Vive o camiño" que pretende transmitir os valores xacobeos entre os peregrinos e os galegos en xeral. Será o martes 12 de setembro, ás 20:00 horas, no exterior da piscina municipal de Sigüeiro.



## O prazo de inscrición nos Obradoiros Culturais estará aberto do 13 ao 27 de setembro



Teatro, fotografía, labores e iniciación á costura, traballos manuais, restauración e tapicería, patchwork e debuxo e pintura son as sete propostas que o Concello de Oroso propón á veciñanza para os Obradoiros Culturais 2017/2018. O prazo de inscrición estará aberto do 13 ao 27 de setembro no centro cultural de Sigüeiro.



**FOI NOTICIA...**



## Gran participación na Semana Cultural 2017



### Oroso apoia a iniciativa para declarar o Camiño Inglés como Patrimonio da Humanidade



O Concello de Oroso valora e apoia a iniciativa da Real Orde de Cabaleiros de María Pita, que pretende a declaración do Camiño Inglés como Patrimonio da Humanidade. O alcalde Manuel Mirás e varios integrantes da corporación recibiron a un grupo de peregrinos desta entidade, que peregrinou a Santiago polo trixésimo aniversario da declaración do Camiño de Santiago como primeiro Camiño Cultural Europeo polo Consello de Europa.



### Oroso promove a Festa da Troita en Góis

O Concello de Oroso promoveu a súa Festa da Troita en Portugal o pasado 12 de agosto, no marco dunha feira de municipios celebrada no distrito de Coímbra e á que Oroso acodiou como Concello convidado. Unha delegación municipal, encabezada polo alcalde Manuel Mirás, promoveu o atractivo gastronómico de Oroso ofrecendo aos portugueses unha degustación de troitas coa preparación máis tradicional, a mesma que se pode atopar cada mes de maio na Festa da Troita en Sigüeiro.